

## OBSERVACIÓN DE TRES REACCIONES QUÍMICAS

**Objetivo:** Observar tres reacciones químicas diferentes e escribir as súas ecuacións.

**Material:** vaso de precipitados, pila de petaca, cables, tubo de ensaio, chama.

**Reactivos:** Cinta de magnesio, auga, sodio metal.

**Procedemento:**

**A- COMBUSTIÓN DO MAGNESIO. (Magnesio+Osíxeno  $\rightarrow$  Óxido de Magnesio)**

1- Con axuda dunhas pinzas colle un anaco de cinta de magnesio.

2- Achégalle a chama dun chisqueiro e observa o resultado.

ACTIVIDADES:

a) Explica como realizaches a reacción no laboratorio e o que observaches.

b) Escribe a reacción axustada e indica cales son os reactivos e os produtos.

**B- ELECTRÓLISE DA AUGA. (Auga  $\longrightarrow$  Hidróxeno+Osíxeno)**

1- Nun vaso de precipitados bota uns 100 ml de auga.

2- Engade unhas gotas de ácido sulfúrico.

3- Conecta dous cables metálicos ós bornes dunha pila de petaca e introdúceos no vaso.

ACTIVIDADES:

a) Explica o que fixeches no laboratorio e o que observaches.

b) Escribe a reacción química axustada e indica cales son os reactivos e os produtos.

c) ¿De que son as burbullas que se desprenden nos fíos metálicos?.

**C- REACCIÓN DO SODIO COA AUGA.**

**(Sodio + Auga  $\rightarrow$  Hidróxido de sodio + Hidróxeno )**

1- Cóllese un anaco pequeno de sodio metálico.

2- Deposítase sobre auga e obsérvase o resultado.

ACTIVIDADES

a) Explica o que fixeches no laboratorio e o que observaches.

b) Escribe a reacción química axustada e indica cales son os reactivos e os produtos